



DEPARTAMENTO DE PROCEDIMENTOS AUDITIVOS E INSTRUMENTAIS

ESPECIALIDADE CANTO

MATERIA: PRÁCTICA AUDITIVA

OBXECTIVOS XERAIS

- Lograr unha audición consciente capaz de facer soa-la música ó leela.
- Emprega-la disociación motriz e auditiva necesarias para executar ou escoitar con independencia desenvolvementos rítmicos ou melódicos simultáneos.
- Recoñecer e representar graficamente obras, fragmentos musicais a unha ou dúas voces.
- Recoñecer a través da audición e da lectura estruturas harmónicas.
- Desenvolve-la capacidade memorística e a audición interior.
- Emprega-los coñecementos sobre a linguaxe musical para afianzar os hábitos de estudo que propicien unha interpretación consciente.

CURSO 1º

OBXECTIVOS

A ensinanza destcontribuíra materia no primeiro curso ten como obxectivo contribuir a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- Entoar melodías tonais nas tonalidades maiores e menores de hasta sete sostenidos e bemoles, incluíndo os catro tipos de escala maior e menor e os intervalos de segunda, terceira, sexta e sétima maiores e menores e os de cuarta, quinta e oitava xustos, con modulación ós tons homónimos, da dominante e da subdominante.
- Entoar intervalos de segunda, terceira, sexta e sétima maiores e menores e de cuarta, quinta e oitava xustos dentro e fora do contexto tonal.
- Entoar melodías tonais transportadas a calquera tonalidade.
- Cantar a dúas, tres e catro voces iguais ou mixtas con expresividade musical, correcta afinación, fraseo, emisión correcta da voz, respiración e posición corporal.
- Ler con axilidade fragmentos escritos en clave de Sol cas fórmulas rítmicas e compases traballados no curso.
Ler horizontalmente, en tódalas claves, aplicando a lectura interválica.
Ler horizontal e verticalmente nas claves de Sol e Fa en cuarta.
- Aplica-la disociación motriz necesaria para realizar as melodías e ritmos simultáneos que se traballan no curso.
- Recoñecer auditivamente e escribir fragmentos musicais a unha e dúas voces similares ós do primeiro apartado.
Recoñecer auditivamente e escribir os intervalos citados no segundo apartado, en fragmentos sen referencia tonal.
Recoñecer auditivamente e escribir estruturas harmónicas que inclúan os graos tónica, dominante (tamén con sétima), subdominante, II e VI.



DEPARTAMENTO DE PROCEDIMENTOS AUDITIVOS E INSTRUMENTAIS

ESPECIALIDADE CANTO

MATERIA: PRÁCTICA AUDITIVA

- Experimentar creando melodías, ritmos, cancións, etcétera, facendo propios e funcionais os coñecementos adquiridos.
- Ser capaces de analizá-las obras musicais de repertorio nos seus diferentes aspectos mediante a lectura silenciosa e aplica-los coñecementos de análise a unha interpretación instrumental cada vez máis consciente.

CONTIDOS CONCEPTUAIS

RÍTMICOS

COMPASES

simples de dúas, tres e catro partes de unidade redonda

compostos de dúas, tres e catro partes de unidade corchea con punto

mixtos de 5/8, 7/8, 8/8, 9/8, 10/8, 11/8 e 12/8 en estruturas regulares , tamén con métrica indicada, incluíndo figuras ata a semicorchea e o seu silencio.

EQUIVALENCIAS

Pulso=pulso e figura=figura entre os compases:

Binarios de denominador 2, 4 e 8

Ternarios de denominador 4 e 8

Dispaes de denominador 8

Alternancia de compases

POLIRRÍTMICAS E POLIMETRÍAS

A unha sola voz:

acentos non habituais ou irregulares

Deseño rítmico indicado por barrado e/ou ligaduras

Estructuras rítmicas atípicas en compases convencionais

VALORACIÓN ESPECIAL

Dosillo en tres tempos

Tresillo en dous e catro tempos

MÚSICA SEN COMPASEAR

Pulsacións de unha, dúas, tres e catro unidades que inclúa valoración especial dosillo e tresillo e con figuras ata a semicorchea e o seu silencio.

MELÓDICO-HARMÓNICOS

TONALIDADE

Ata sete alteracións propias maiores e menores

Os catro tipos de escala maior e menor

Rexionalización ás tonalidades homónimas, da dominante e da subdominante



DEPARTAMENTO DE PROCEDEMENTOS AUDITIVOS E INSTRUMENTAIS

ESPECIALIDADE CANTO

MATERIA: PRÁCTICA AUDITIVA

INTERVÁLICA

Intervalos melódicos e harmónicos de segunda, terceira, sexta e sétima maiores e menores de cuarta, quinta e oitava xusta.

Interválica pura cos intervalos citados

TRANSPORTE de melodías tonais incluíndo alteracións accidentais

ACORDES

Tríadas maior, menor, de quinta aumentada e de quinta diminuída

Inversión dos acordes tríadas

Funcións tonais de tónica, dominante, subdominante, segundo e sexto graos

Cuatríadas de sétima de dominante

Estructuras harmónicas cos acordes citados

CADENCIAS PERFECTAS

Conclusivas: auténtica, plagal e completa

Suspensivas: semicadencia e rota

NOTAS FORA DOS ACORDES

A nota de paso

A nota de floreo

LECTO-ESCRITURA

Lectura rítmica na clave de sol con tódolos elementos descritos no apartado de ritmo

Lectura i escritura horizontal e vertical nas claves de sol e fa e cuarta en un e dous pentagramas

EXPRESIÓN

MATIZ

Signos, termos e abreviaturas

TEMPO

Signos, termos e abreviaturas

CARÁCTER

Termos

ARTICULACIÓN

Signos, termos e abreviaturas

ORNAMENTACIÓN BARROCA

Apoiatura



DEPARTAMENTO DE PROCEDEMENTOS AUDITIVOS E INSTRUMENTAIS

ESPECIALIDADE CANTO

MATERIA: PRÁCTICA AUDITIVA

Apoiatura breve

Mordente inferior, mordente superior, portamento, tierce coulée

Grupetos de tres notas ascendentes, descendentes, de retardación e de anticipación

Grupetos de catro notas ascendentes, descendentes, de retardación e de anticipación

Grupetos sobre o punto ou nota ligada

Características fundamentais da interpretación dos adornos barrocos i o seu cambio paulatino na evolución ó romanticismo.

TEÓRICOS

Transporte escrito: as diferencias.

Índices de altura dos sons.

Nomenclatura das notas e tonalidades en alemán e inglés.

Serie de harmónicos.

Cualidades do son: intensidade, ton e timbre.

Consonancia e disonancia: intervalos e acordes consonantes e disonantes.

Tonalidade: intervalos, armaduras, escalas, tipos de escala maior e menor, graos e acordes, funcións tonais, o sistema de quintas.

CONTIDOS PROCEDIMENTAIS

RÍTMICOS

Recoñecemento auditivo dos compases e das fórmulas rítmicas traballadas no curso

Lectura rítmica en clave de sol cos compases e fórmulas traballadas no curso

Memorización de fragmentos rítmicos e posterior interpretación mediante a percusión

Recoñecemento auditivo dos cambios de compás

Recoñecemento auditivo das equivalencias pulso=pulso e figura=figura entre os compases citados nos contidos conceptuais:

Recoñecemento auditivo da alternancia de compases

Creación, improvisada ou non de fragmentos rítmicos nos compases e fórmulas traballados

Recoñecemento auditivo das polirrítmias a unha sola voz con e sen partitura

Interpretación mediante a lectura

Interpretación mediante a percusión

Recoñecemento auditivo dos grupos de valoración especial

Interpretación mediante a lectura e/ou entoación

Interpretación mediante a percusión

Creación, improvisada ou non, de fragmentos rítmicos ou melódicos que inclúan grupos de valoración especial

Recoñecemento auditivo de fragmentos de música sen compasear, mediante a percepción das diferentes pulsacións.

Interpretación mediante a lectura

Interpretación mediante a percusión



DEPARTAMENTO DE PROCEDEMENTOS AUDITIVOS E INSTRUMENTAIS

ESPECIALIDADE CANTO

MATERIA: PRÁCTICA AUDITIVA

Interpretación mediante a entoación

Creación, improvisada ou non, mediante a percusión , de fragmentos rítmicos de música sen compasear.

MELÓDICO-HARMÓNICOS

TONALIDADE

Entoación de obras tonais ou fragmentos nas tonalidades traballadas no curso, que inclúan os tipos de escala, intervállica e modulacións citadas nos contidos conceptuais.

Recoñecemento auditivo de fragmentos similares ós anteriores e posterior escritura

Entoación de fragmentos previa lectura silenciosa

Memorización de fragmentos melódicos similares ós anteriores

Creación, improvisada ou non, de fragmentos similares ós anteriores.

INTERVÁLICA

Entoación dos intervalos melódicos e harmónicos traballados no curso, fora do contexto tonal

Recoñecemento auditivo dos intervalos melódicos e harmónicos

Creación, improvisada ou non, de fragmentos melódicos cos intervalos traballados

Entoación transportada , nomeando as notas, de melodías tonais incluíndo alteracións accidentais.

FUNCIÓNS TONAIIS E ACORDES

Recoñecemento auditivo dos acordes tríadas maior, menor, de quinta aumentada e de quinta diminuída por comparación entre eles.

Recoñecemento auditivo das inversións dos acordes de quinta.

Entoación melódica dos acordes citados e as súas inversións

Entoación harmónica dos acordes citados e as súas inversións

Recoñecemento auditivo das funcións tonais de tónica, dominante, subdominante(tamén con sétima) en obras musicais e en esquemas harmónicos.

Entoación a dúas e tres voces de estruturas harmónicas cos acordes anteriores

Creación, improvisada ou non, de melodías a partires dunha estrutura harmónica dada

Aplicación de baixos(mediante a entoación ou a escritura) a melodías dadas, nos que se utilicen unicamente as fundamentais dos acordes citados.

Recoñecemento auditivo de melodías a dúas voces cas características do apartado inmediatamente anterior.

CADENCIAS

Recoñecemento auditivo das cadencias en pequenas formas

Creación, improvisada ou non, de estruturas harmónicas ou frases aplicando as cadencias que se traballan no curso



DEPARTAMENTO DE PROCEDEMENTOS AUDITIVOS E INSTRUMENTAIS

ESPECIALIDADE CANTO

MATERIA: PRÁCTICA AUDITIVA

NOTAS FORA DO ACORDE

Recoñecemento auditivo das notas de paso e floreo

Entoación, improvisada ou non, e máis escritura de melodías baseadas nos acordes tonais intercalando notas de paso e floreo

LECTO-ESCRITURA

Lectura rítmica na clave de sol con tódolos elementos descritos no apartado de ritmo

Lectura i escritura horizontal e/ou vertical nas claves de sol e fa e cuarta en dous pentagramas

Lectura interválica en tódalas claves

EXPRESIÓN E ORNAMENTACIÓN

Recoñecemento auditivo de tódolos elementos expresivos

Interpretación en fragmentos entoados

Aplicación libre entoada ou por escrito a fragmentos melódicos dados

ORNAMENTACIÓN BARROCA

Lectura rítmica de fragmentos con ornamentación barroca

Entoación de fragmentos con ornamentación

Audición de pequenas pezas con ornamentación con e sen partitura

Análise da ornamentación á vista da partitura

Transcrición de símbolos por notas ou viceversa

Aplicación, improvisada ou non, de ornamentación a fragmentos musicais

TEÓRICOS

Transporte escrito de melodías.

Escritura de sons e frases no pentagrama, en diferentes claves, a partires do nome co índice de altura.

Escritura de notas e tonalidades a partires da nomenclatura en alemán e inglés e viceversa.

Conceptualización do fenómeno dos harmónicos.

Conceptualización das cualidades do son.

Conceptualización da consonancia e maila disonancia e coñecemento dos intervalos e acordes consonantes e disonantes.

Conceptualización da estrutura xeral da tonalidade clásica e coñecemento de intervalos, armaduras, escalas, tipos de escala maior e menor, graos, acordes, funcións tonais, cadencias, modulacións e o sistema de quintas.

ACTITUDINAIS

Audición e música en directo dentro e fora do conservatorio

Audición de gravacións musicais

Interese polos diferentes tipos de de manifestación musical e cultural

DEPARTAMENTO DE PROCEDEMENTOS AUDITIVOS E INSTRUMENTAIS

ESPECIALIDADE CANTO

MATERIA: PRÁCTICA AUDITIVA

Interese por publicacións musicais

Valoración da incidencia da práctica musical na formación humanística e xeral das persoas

Sistematización do traballo propio buscando a corrección i a eficacia

Interese pola práctica musical colectiva

METODOLOXÍA

Na materia de Práctica auditiva trátase de empregar unha metodoloxía baseada no constructivismo, a significatividade e a funcionalidade.

Teremos en conta, como factor principal, a participación activa do alumnado, tanto individualmente como en grupo.

Buscarase fundamentalmente o recoñecemento auditivo e a utilización práctica de tódolos contidos que se traballen, tratando de adaptalos, no seu nivel de dificultade, ós coñecementos previos observados na avaliación inicial.

Dada a idade dos alumnos e o avanzado grao dos estudos na materia de Linguaxe musical, buscarase a conceptualización de tódolos contidos partindo sempre da práctica musical e nunca ó contrario.

ACTIVIDADES

Nas actividades primará sempre o principio de oír-cantar-sentir-analizar-escribir/ ler-oír interiormente-cantar-escribir.

E imprescindible traballar paralela i equitativamente o recoñecemento auditivo, a lectura/entoación a partires da partitura, e a utilización creativa, improvisada ou non, de tódolos contidos.

Son actividades imprescindibles no ensino da materia:

- A memorización de fragmentos musicais ca dobre finalidade de potencia-la memoria e facilita-lo proceso de interiorización e posterior descubrimento dos feitos musicais.
- O recoñecemento analítico a partires do canto ou da escoita.
- O recoñecemento analítico a partires da lectura silenciosa da partitura.
- A utilización creativa de tódolos coñecementos que se van adquirindo para facelos propios e significativos.

Ademais, no ensino específico do ritmo, son actividades imprescindibles:

- A aplicación de percusión
- A aplicación de textos ós ritmos, buscando as analoxías ca acentuación da linguaxe falada.
- A dirección dos diferentes compases.

No ensino da entoación son actividades imprescindibles:

- A entoación de música con e sen texto

DEPARTAMENTO DE PROCEDIMENTOS AUDITIVOS E INSTRUMENTAIS

ESPECIALIDADE CANTO

MATERIA: PRÁCTICA AUDITIVA

- A entoación de música con e sen acompañamento
- O análise auditivo ou por partitura de obras musicais axeitadas

AVALIACIÓN

A avaliación e continua e realizarase durante todo o proceso de ensino- aprendizaxe a traveso do traballo realizado na clase e tamén do traballo individual e dos controles.

Nela hai tres fases fundamentais:

- A avaliación inicial, que servirá para situa-los coñecementos previos ós contidos a ensinar.
- A avaliación formativa ou procesual, que servirá para controla-lo proceso.
- A avaliación sumativa ó final do proceso, que toma como referente os criterios de avaliación fixados para o curso ou trimestre.

Son importantes os controles periódicos deste proceso ó fin de determinados períodos de tempo ou de diferentes series de contidos, realizando avaliación sumativa de todos eles.

A avaliación inicial farase ó principio do curso e ó inicio do traballo sobre cada un dos diferentes contidos.

Os controles realizaranse nos meses de Febreiro e Maio.

Os resultados dos controles posibilitan ó profesorado o análise da súa práctica docente e permiten adaptar dita práctica segundo os logros ou carencias detectadas.

Ó fin de cada cuadrimestre emitirase informe ca cualificación do período.

Valorarase especialmente a asistencia regular ás clases e a actitude con respecto á materia.

Os alumnos/as que teñan máis de catro faltas ó longo do curso, xustificadas ou non, realizarán un exame ó fin do curso no que se incluírán todo-los contidos da materia.

Convocatoria de Setembro: O exame comprenderá todo-los contidos da materia.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Recoñecer ou executar vocalmente, xunto ca lectura das notas ou mediante a percusión, fragmentos rítmicos, de aproximadamente dezaseis compases con suxección ás indicacións metronómicas e ás equivalencias indicadas.
2. Entoar repentizando unha melodía ou canción tonal con ou sen acompañamento, de aproximadamente oito compases, que inclúa os intervalos, tipos de escala, alteracións accidentais e as modulacións citadas, aplicando indicacións expresivas.
3. Identificar auditivamente e entoar intervalos melódicos de segunda terceira, sexta e sétima maiores e menores; cuarta quinta e oitava xustas; en series de oito intervalos ou nunha sucesión melódica, atendendo ó número e á especie.

DEPARTAMENTO DE PROCEDEMENTOS AUDITIVOS E INSTRUMENTAIS

ESPECIALIDADE CANTO

MATERIA: PRÁCTICA AUDITIVA

4. Ler internamente nun tempo breve e sen verifica-la entoación fragmentos melódicos tonais.
5. Identificar intervalos harmónicos (como os do apartado 3) e escribilos no seu rexistro correcto, en series de oito intervalos ca mesma nota no baixo ou con notas diferentes.
6. Aplicar libremente ritmos percutidos a un fragmento musical de oito compases.
7. Reproducir entoando modelos melódicos, de aproximadamente oito compases, en diferentes alturas, con catro alteracións como máximo na armadura e con alteracións accidentais.
8. Reproducir entoando series de catro acordes, escalas, ou fragmentos delas nomeando as notas.
9. Improvisar vocal ou instrumentalmente melodías tonais de oito compases nas tonalidades traballadas. Que inclúan alteracións accidentais que impliquen ou non modulación ós tons homónimos, da dominante e da subdominante.
10. Reproducir por escrito fragmentos musicais escoitados, de oito compases aproximadamente, e a unha soa voz, cas características melódicas sinaladas no apartado de entoación.
11. Reproducir por escrito fragmentos musicais escoitados, de oito compases aproximadamente, e a dúas voces, con baixos que conteñan exclusivamente as fundamentais dos acordes citados e con melodías baseadas nestes acordes nas que se intercalen notas de paso e de floreo e alteracións accidentais que impliquen ou non modulación ós tons homónimos, da dominante e da subdominante.
12. Recoñecer auditivamente aspectos formais, cadenciais, modos de ataque, articulacións, matices, ornamentos, timbre dos diferentes instrumentos e situar coa maior aproximación posible o estilo e maila época das obras ou fragmentos escoitados.
13. Aplicar baixos harmónicos (vocalmente, instrumentalmente ou por escrito) a unha melodía dada, empregando os acordes de I, IV e V (tamén con sétima), II e VI, nos que figuren exclusivamente as fundamentais destes acordes.
14. Improvisar vocal, instrumentalmente ou por escrito sobre unha estrutura harmónica dada que conteña os acordes citados no apartado anterior, e utilizando notas de paso e de floreo.
15. Entoar fragmentos memorizados de obras do propio repertorio seleccionados polo mesmo alumno ou alumna.
16. Analizar unha obra do propio repertorio do alumno ou alumna atendendo a tódolos elementos posibles traballados no curso.

DEPARTAMENTO DE PROCEDEMENTOS AUDITIVOS E INSTRUMENTAIS

ESPECIALIDADE CANTO

MATERIA: PRÁCTICA AUDITIVA
ORGANIZACIÓN DE ESPACIOS, TEMPOS E AGRUPAMENTO DO
ALUMNADO

As clases da materia Práctica auditiva, como indica o decreto, terán unha duración de hora e media con periodicidade semanal e o número máximo de alumnos por grupo será de 10

MATERIAIS
BIBLIOGRAFÍA

- Entonacion coral. Kodaly. Edit. Musica Budapest.
- La Educación del oído. Roland Mackamul.
Edit. Barenreuter.
- Bertalotti. E. Música Budapest.
- Kuhn La educación del oído. Labor.
- Szony Musical reading and writing. Música Budapest.
- Tratado de solfeo contemporáneo J.L. Temes 4b y 5b.
Ediciones Línea.
- Lenguaje musical grado medio. Félix Sierra
- Lenguaje musical grado medio. Ibáñez Cursá
- Lenguaje Musical Grado Medio, Vol. 1 y 2
Xavier Boliart. Edit. Dinsic.
- Lenguaje Musical Grado medio, vol 1 y 2
A. Arnaus y otros. Edit. Dinsic.
- Lenguaje Musical Contemporáneo
Xavier Boliart. Edit. Dinsic.
- Improvisación al piano. E. Molina. Real Musical.
- Armonía. E. Molina. Real musical.
- Modus Novus. Melodías atonales. Lars Edlund.
Nordiska musikförlaget.
- Corales. Bach. Editio musica Budapest.
- El album de la juventud. Schumann.
- Mikrokosmos. Bartók. Editio musica Budapest.
- Für Kinder. Bartók. Editio musica Budapest.



DEPARTAMENTO DE PROCEDEMENTOS AUDITIVOS E INSTRUMENTAIS

ESPECIALIDADE CANTO

MATERIA: PRÁCTICA AUDITIVA

CURSO 2º

OBXECTIVOS

A ensinanza desta materia no segundo curso terá como contribuírobxectivo contribuir a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- Entoar melodías tonais nas tonalidades maiores e menores de hasta sete sostenidos e bemoles, incluíndo os catro tipos de escala maior e menor e os intervalos de segunda, terceira, sexta e sétima maiores e menores, os de cuarta, quinta e oitava xustos, e os de cuarta e quinta aumentados e diminuídos, con posible modulación ós cinco tons veciños.
- Entoar melodías modais baseadas nos modos antigos auténticos.
- Entoar intervalos de segunda, terceira, sexta e sétima maiores e menores, de cuarta, quinta e oitava xustos e de cuarta e quinta aumentados e diminuídos fora do contexto tonal, e aplica-los mesmos a obras, ou fragmentos delas, postonais ou atonais.
Entoar melodías baseadas na escala de seis tons enteiros.
- Entoar melodías tonais transportadas a calquera tonalidade.
- Cantar a dúas, tres e catro voces iguais ou mixtas con expresividade musical, correcta afinación, fraseo, emisión correcta da voz, respiración e posición corporal.
- Ler con axilidade fragmentos escritos en clave de Sol cas fórmulas rítmicas e compases traballados no curso.
Ler horizontal e verticalmente nas claves de Sol e Fa en cuarta.
Ler verticalmente fragmentos a catro voces nas claves tradicionais.
Ler interválicamente nas sete claves
- Aplica-la disociación motriz necesaria para realizar as melodías e ritmos simultáneos que se traballan no curso.
Recoñecer auditivamente e escribir fragmentos musicais a unha voz similares ós do apartado a.
Recoñecer auditivamente e escribir fragmentos musicais a dúas voces similares ós do apartado a, con posible modulación ós tons relativos maior, menor, da dominante ou da subdominante, con baixos nos que figuren as fundamentais dos acordes de calquera grao da escala.
Recoñecer auditivamente e escribir os intervalos citados no apartado c, en fragmentos melódicos postonais ou atonais.
Recoñecer auditivamente e escribir estruturas harmónicas que inclúan tódolos graos da escala (dominante tamén con sétima) con baixos e rexionalizacións similares ás do parágrafo inmediatamente anterior.



DEPARTAMENTO DE PROCEDIMENTOS AUDITIVOS E INSTRUMENTAIS

ESPECIALIDADE CANTO

MATERIA: PRÁCTICA AUDITIVA

- Experimentar creando melodías, ritmos, cancións, etcétera, facendo propios e funcionais os coñecementos adquiridos.
- Ser capaces de analiza-las obras musicais de repertorio nos seus diferentes aspectos mediante a lectura silenciosa e aplica-los coñecementos de análise a unha interpretación cada vez máis consciente.

CONTIDOS

CONCEPTUAIS

RÍTMICOS

COMPASES

Síntese de tódolos compases traballados nos cursos anteriores.

Mixtos de 5/8, 7/8, 8/8, 9/8, 10/8, 11/8 e 12/8 en estruturas regulares e irregulares, tamén con métrica indicada, incluíndo figuras ata a semicorchea e o seu silencio.

Compases con fracción engadida de $\frac{1}{2}$ e $\frac{1}{3}$ con figuracións ata a semicorchea e o seu silencio.

EQUIVALENCIAS

Pulso=pulso e figura=figura entre os compases traballados.

Combinatoria que supoña pulsacións diferentes en proporción de:

-Dobre/metade, exemplo 4/2 a 2/4, 3/8 a 9/4, 3/8 a 3/16

-Tres a catro figuras iguais, exemplo 2/2 a 6/8, 3/16 a $\frac{3}{4}$, 3/8 a 2/2

- Catro a unha figuras iguais, exemplo 2/1 a 3/4

Alternancia de compases

POLIRRÍTMICAS E POLIMETRÍAS

A unha sola voz:

Cambios sistemáticos de compás

Obstinatos rítmicos

Deseño rítmico indicado por barrado e/ou ligaduras

A dúas voces:

Pulsacións non coincidentes de dúas e tres corcheas, presentada tamén en polimetría

Coincidencia de cinco/dous, cinco/tres, sete/dous e sete/tres divisións da unidade dentro da mesma pulsación.

VALORACIÓN ESPECIAL

Dosillo en tres tempos regular e irregular

Tresillo en dous e catro tempos regular e irregular

Cuadrillo en tres tempos regular e irregular

Cinquillo en dous tempos regular e irregular

Cinquillo en tres tempos regular



DEPARTAMENTO DE PROCEDIMENTOS AUDITIVOS E INSTRUMENTAIS

ESPECIALIDADE CANTO

MATERIA: PRÁCTICA AUDITIVA

Setillo en dous e tres tempos regular

MÚSICA SEN COMPASEAR

Pulsacións de unha, dúas, tres e catro unidades que inclúa tódolos grupos regulares de valoración especial traballados, nunha única pulsación. Figuracións ata a semicorchea e o seu silencio.

MELÓDICO-HARMÓNICOS

TONALIDADE

Ata sete alteracións propias maiores e menores
Os catro tipos de escala maior e menor
Modulación ás cinco tonalidades veciñas
Os modos antigos auténticos
Escala de tons enteiros

INTERVÁLICA

Intervalos melódicos e harmónicos de segunda, terceira, sexta e sétima maiores e menores, de cuarta, quinta e oitava xusta, de segunda aumentada e de cuarta e quinta aumentados e diminuídos.
Interválica pura cos intervalos citados

TRANSPORTE

De melodías tonais con calquera armadura, incluíndo alteracións accidentais e posible modulación ós cinco tons veciños

FUNCIÓNS TONAIIS E ACORDES

Tríadas maior, menor, de quinta aumentada e de quinta diminuída
Inversión dos acordes tríadas
Funcións tonais incluíndo tódolos graos da escala
Cuatríadas de sétima de dominante, diminuída e de sensible
A dominante secundaria
Novena de dominante maior e menor
Estructuras harmónicas cos acordes citados

CADENCIAS IMPERFECTAS

Conclusivas: auténtica, plagal e completa
Suspensivas: semicadencia e rota

NOTAS FORA DO ACORDE

A apoiatura
O retardo
A anticipación



DEPARTAMENTO DE PROCEDEMENTOS AUDITIVOS E INSTRUMENTAIS

ESPECIALIDADE CANTO

MATERIA: PRÁCTICA AUDITIVA

A escapada

LECTO-ESCRITURA

Lectura rítmica na clave de sol con tódolos elementos descritos no apartado de ritmo
Lectura i escritura horizontal e vertical nas claves de sol e fa e cuarta en un ou dous pentagramas
Lectura vertical a catro voces nas claves tradicionais
Lectura intervállica en tódalas claves
Rexistro exacto das claves

EXPRESIÓN E ORNAMENTACIÓN

MATIZ

Tódalas indicacións e abreviaturas

TEMPO

Tódalas indicacións e abreviaturas

CARÁCTER

Indicacións

ARTICULACIÓN

Tódolos termos signos e abreviaturas
Coñecemento de termos e signos referentes á expresión en francés e alemán

ORNAMENTACIÓN BARROCA

O trino
O acorde arpexiado
O acorde arpexiado ornamentado
Os silencios expresivos
O nachschlag
Características fundamentais da interpretación dos adornos barrocos i o seu cambio paulatino na evolución ó romanticismo.

PROCEDIMENTAIS

RÍTMICOS

Recoñecemento auditivo dos compases e das fórmulas rítmicas traballadas no curso
Lectura rítmica en clave de sol cos compases e fórmulas traballadas no curso
Memorización de fragmentos rítmicos e posterior interpretación mediante a percusión
Recoñecemento auditivo dos cambios de compás
Recoñecemento auditivo das equivalencias pulso=pulso e figura=figura entre os compases citados nos contidos conceptuais:

DEPARTAMENTO DE PROCEDEMENTOS AUDITIVOS E INSTRUMENTAIS

ESPECIALIDADE CANTO

MATERIA: PRÁCTICA AUDITIVA

Recoñecemento auditivo da alternancia de compases
Creación, improvisada ou non, de fragmentos rítmicos nos compases e fórmulas traballados
Recoñecemento auditivo das polirrítmias a unha sola voz con e sen partitura
Interpretación mediante a lectura
Interpretación mediante a percusión
Recoñecemento auditivo das polirrítmias a dúas voces
Interpretación mediante a lectura e/ou a entoación en dous grupos
Interpretación mediante a percusión en dous grupos
Recoñecemento auditivo dos grupos de valoración especial
Interpretación mediante a lectura e/ou entoación
Interpretación mediante a percusión
Creación, improvisada ou non, de fragmentos rítmicos ou melódicos que inclúan grupos de valoración especial
Recoñecemento auditivo de fragmentos de música sen compasear, mediante a percepción das diferentes pulsacións.
Interpretación mediante a lectura
Interpretación mediante a percusión
Interpretación mediante a entoación
Creación, improvisada ou non, mediante a percusión, de fragmentos rítmicos de música sen compasear.

MELÓDICO-HARMÓNICOS

TONALIDADE

Entoación de obras tonais ou fragmentos nas tonalidades traballadas no curso, que inclúan os tipos de escala, intervállica e rexionalizacións citadas nos contidos conceptuais.
Entoación de obras ou fragmentos modais baseadas nos modos gregorianos
Entoación de obras ou fragmentos postonais baseadas na escala de tons enteiros
Recoñecemento auditivo de fragmentos similares ós anteriores e posterior escritura
Entoación de fragmentos breves previa lectura silenciosa
Memorización de fragmentos melódicos similares ós anteriores
Creación, improvisada ou non, de fragmentos similares ós anteriores.

INTERVÁLICA

Entoación dos intervalos melódicos e harmónicos traballados no curso, fora do contexto tonal
Recoñecemento auditivo dos intervalos melódicos e harmónicos
Creación, improvisada ou non, de fragmentos melódicos cos intervalos traballados
Entoación transportada, nomeando as notas, de melodías tonais que inclúan alteracións accidentais e modulacións.



DEPARTAMENTO DE PROCEDEMENTOS AUDITIVOS E INSTRUMENTAIS

ESPECIALIDADE CANTO

MATERIA: PRÁCTICA AUDITIVA

ACORDES

Recoñecemento auditivo dos acordes tríadas maior, menor, de quinta aumentada e de quinta diminuída por comparación entre eles
Recoñecemento auditivo das inversións dos acordes tríadas
Entoación arpexiada dos acordes citados e as súas inversións
Entoación harmónica dos acordes citados e as súas inversións
Recoñecemento auditivo das funcións tonais e dominantes secundarias en cancións e pequenas pezas i en breves esquemas harmónicos.
Entoación a dúas e tres voces de estruturas harmónicas cos acordes anteriores
Creación, improvisada ou non, de melodías a partir dun esquema harmónico dado
Aplicación de baixos(mediante a entoación ou a escritura) a melodías dadas, unha vez analizadas as funcións tonais.
Recoñecemento auditivo de melodías a dúas voces cas características do apartado inmediatamente anterior.

CADENCIAS

Recoñecemento auditivo das cadencias en pequenas formas
Creación, improvisada ou non, de estruturas harmónicas ou frases aplicando as cadencias que se traballan no curso

NOTAS FORA DOS ACORDES

Recoñecemento auditivo das apoiaturas, retardos, anticipacións i escapadas
Entoación, improvisada ou non, e máis escritura de melodías baseadas nos acordes tonais intercalando as notas traballadas

LECTO-ESCRITURA

Lectura rítmica na clave de sol con tódolos elementos descritos no apartado de ritmo
Lectura i escritura horizontal e/ou vertical nas claves de sol e fa e cuarta en dous pentagramas
Lectura vertical a catro voces nas claves tradicionais
Lectura interválica en tódalas claves

EXPRESIÓN E ORNAMENTACIÓN

Recoñecemento auditivo de tódolos elementos expresivos
Interpretación en fragmentos entoados
Aplicación libre entoada ou por escrito a fragmentos melódicos dados

ORNAMENTACIÓN BARROCA

Lectura rítmica de fragmentos con ornamentación barroca
Entoación de fragmentos con ornamentación
Audición de pequenas pezas con ornamentación con e sen partitura

DEPARTAMENTO DE PROCEDEMENTOS AUDITIVOS E INSTRUMENTAIS

ESPECIALIDADE CANTO

MATERIA: PRÁCTICA AUDITIVA

Análise da ornamentación á vista da partitura

Transcrición de símbolos por notas ou viceversa

Aplicación, improvisada ou non, de ornamentación a fragmentos musicais

ACTITUDINAIS

Audición e música en directo dentro e fora do conservatorio

Audición de gravacións musicais

Interese polos diferentes tipos de manifestación musical e cultural

Interese por publicacións musicais

Valoración da incidencia da práctica musical na formación humanística e xeral das persoas

Sistematización do traballo propio buscando a corrección i a eficacia

Interese pola práctica musical colectiva

AVALIACIÓN

A avaliación e continua e realizarase durante todo o proceso de ensino- aprendizaxe a traveso do traballo realizado na clase e tamén do traballo individual e dos controles.

Nela hai tres fases fundamentais:

- A avaliación inicial, que servirá para situa-los coñecementos previos ós contidos a ensinar.
- A avaliación formativa ou procesual, que servirá para controla-lo proceso.
- A avaliación sumativa ó final do proceso, que toma como referente os criterios de avaliación fixados para o curso ou trimestre.

Son importantes os controles periódicos deste proceso ó fin de determinados períodos de tempo ou de diferentes series de contidos, realizando avaliación sumativa de todos eles.

A avaliación inicial realizarase ó principio do curso e ó inicio do traballo sobre cada un dos diferentes contidos.

Os controles realizaranse nos meses de Febreiro e Maio.

Os resultados dos controles posibilitan ó profesorado o análise da súa práctica docente e permiten adaptar dita práctica segundo os logros ou carencias detectadas.

Ó fin de cada cuadrimestre emitirase informe ca cualificación do período.

Valorarase especialmente a asistencia regular ás clases e a actitude con respecto á materia.

Os alumnos/as que teñan máis de catro faltas ó longo do curso, xustificadas ou non, realizarán un exame ó fin do curso no que se incluírán todo-los contidos da materia.

Convocatoria de Setembro: O exame comprenderá todo-los contidos da materia.



DEPARTAMENTO DE PROCEDEMENTOS AUDITIVOS E INSTRUMENTAIS

ESPECIALIDADE CANTO

MATERIA: PRÁCTICA AUDITIVA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Recoñecer ou executar vocalmente, xunto ca lectura das notas ou mediante a percusión, fragmentos rítmicos, de aproximadamente dezaseis compases con suxección ás indicacións metronómicas e ás equivalencias indicadas.
2. Entoar repetizando unha melodía ou canción tonal sen acompañamento, de aproximadamente oito compases, que inclúa os intervalos, tipos de escala, alteracións accidentais e as modulacións citadas, aplicando indicacións expresivas.
3. Identificar auditivamente i entoar intervalos melódicos de segunda terceira, sexta e sétima maiores e menores; cuarta quinta e oitava xustas; en series de oito intervalos ou nunha sucesión melódica, atendendo ó número e á especie.
4. Ler internamente nun tempo breve e sen verifica-la entoación fragmentos melódicos tonais de oito compases.
5. Identificar intervalos harmónicos (como os do apartado 3) e escribilos no seu rexistro correcto, en series de oito intervalos ca mesma nota no baixo ou con notas diferentes.
6. Aplicar libremente ritmos percutidos a un fragmento musical de oito compases.
7. Reproducir modelos melódicos, de aproximadamente oito compases, en diferentes alturas con alteracións accidentais; series de catro acordes ou escalas, nomeando as notas.
8. Improvisar vocal ou instrumentalmente melodías tonais de oito compases nas tonalidades traballadas. Que inclúan alteracións accidentais e modulacións.
9. Reproducir por escrito fragmentos musicais escoitados, de oito compases aproximadamente, e a unha soa voz, cas características melódicas sinaladas no apartado de entoación.
10. Reproducir por escrito fragmentos musicais escoitados, de oito compases aproximadamente, a dúas voces, baseados nas funcións tonais citadas, incluíndo notas de paso e de floreo e alteracións accidentais..
11. Recoñecer auditivamente aspectos formais, cadenciais, modos de ataque, articulacións, matices, ornamentos, timbre dos diferentes instrumentos e situar coa maior aproximación posible o estilo e maila época das obras ou fragmentos escoitados.
12. Aplicar baixos harmónicos (vocalmente, instrumentalmente ou por escrito) a unha melodía dada, empregando acordes baseados en calquera grao da escala.
13. Improvisar vocal, instrumentalmente ou por escrito sobre unha estrutura harmónica dada que conteña os acordes baseados en calquera grao da escala, e utilizando notas de paso e de floreo.



DEPARTAMENTO DE PROCEDEMENTOS AUDITIVOS E INSTRUMENTAIS

ESPECIALIDADE CANTO

MATERIA: PRÁCTICA AUDITIVA

14. Entoar fragmentos memorizados de obras do propio repertorio do alumno ou alumna, seleccionados por el ou ela mesmos.
15. Analizar unha obra do propio repertorio do alumno ou alumna atendendo a tódolos elementos posibles traballados no curso.

METODOLOXÍA

Na materia de Práctica auditiva trátase de empregar unha metodoloxía baseada no constructivismo, a significatividade e a funcionalidade.

Teremos en conta, como factor principal, a participación activa do alumnado, tanto individualmente como en grupo.

Buscarase fundamentalmente o recoñecemento auditivo e a utilización práctica de tódolos contidos que se traballen, tratando de adaptalos, no seu nivel de dificultade, ós coñecementos previos observados na avaliación inicial.

Dada a idade dos alumnos e o avanzado grao dos estudos na materia de Linguaxe musical, buscarase a conceptualización de tódolos contidos partindo sempre da práctica musical e nunca ó contrario.

ACTIVIDADES

Nas actividades primará sempre o principio de oír-cantar-sentir-analizar-escribir/ ler-oír interiormente-cantar-escribir.

E imprescindible traballar paralela i equitativamente o recoñecemento auditivo, a lectura/entoación a partires da partitura, e a utilización creativa, improvisada ou non, de tódolos contidos.

Son actividades imprescindibles no ensino da materia:

- A memorización de fragmentos musicais ca dobre finalidade de potencia-la memoria e facilita-lo proceso de interiorización e posterior descubrimento dos feitos musicais.
- O recoñecemento analítico a partires do canto ou da escoita.
- O recoñecemento analítico a partires da lectura silenciosa da partitura.
- A utilización creativa de tódolos coñecementos que se van adquirindo para facelos propios e significativos.

Ademais, no ensino específico do ritmo, son actividades imprescindibles:

- A aplicación de percusión
- A aplicación de textos ós ritmos, buscando as analoxías ca acentuación da linguaxe falada.
- A dirección dos diferentes compases.

No ensino da entoación son actividades imprescindibles:

- A entoación de música con e sen texto
- A entoación de música con e sen acompañamento
- O análise auditivo ou por partitura de obras musicais axeitadas



DEPARTAMENTO DE PROCEDEMENTOS AUDITIVOS E INSTRUMENTAIS

ESPECIALIDADE CANTO

MATERIA: PRÁCTICA AUDITIVA

**ORGANIZACIÓN DE ESPACIOS, TEMPOS E AGRUPAMENTO DO
ALUMNADO**

As clases da materia Práctica auditiva, como indica o decreto, terán unha duración de hora e media con periodicidade semanal e o número máximo de alumnos por grupo será de 10.

MATERIAIS

BIBLIOGRAFÍA

- Entonacion coral. Kodaly. Edit. Musica Budapest.
- Bertalotti. E. Música Budapest.
- Mackamul La educación del oído I y II. Barenreiter.
- Kuhn La educación del oído. Labor.
- Szony Musical reading and writing. Música Budapest.
- Tratado de solfeo contemporáneo J.L. Temes 4b y 5b.
Ediciones Línea.
- Lenguaje musical grado medio. Félix Sierra
- Lenguaje musical grado medio. Ibáñez Cursá
- Lenguaje Musical Grado Medio, Vol. 1 y 2
Xavier Boliart. Edit. Dinsic.
- Lenguaje Musical Grado medio, vol 1 y 2
B. Arnaus y otros. Edit. Dinsic.
- Lenguaje Musical Contemporáneo
Xavier Boliart. Edit. Dinsic.
- Improvisación al piano. E. Molina. Real Musical.
- Armonía. E. Molina. Real musical.
- Modus Novus. Melodías atonales. Lars Edlund.
Nordiska musikförlaget.
- Corales. Bach. Editio musica Budapest.
- El album de la juventud. Schumann.
- Mikrokosmos. Bartók. Editio musica Budapest.
- Für Kinder. Bartók. Editio musica Budapest.